

lar 2008-2009 (PR101A) (DOG número 2 do 5 de xaneiro de 2009), cómpre realizar a seguinte corrección:

Na páxina 104, base décimo sexta, parágrafo 2, onde di: «ano 2008», debe dicir: «ano 2009».

Nota: a publicación desta corrección non reabre o prazo de presentación de solicitudes.

*Resolución do 30 de decembro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2009.*

De acordo co previsto no artigo 7 da Orde do 16 de xullo de 2007, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG número 146, do 30 de xullo, logo da proposta formulada pola Comisión Central de Avaliación, convócanse as probas para a obtención dos certificados de coñecemento de lingua galega Celga 1, 2, 3 e 4.

### 1. Obxecto.

Convocar as probas para a obtención dos certificados acreditativos dos niveis de lingua galega Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2009.

No ano 2009, realizaranse 3 convocatorias:

-Convocatoria de maio de 2009, para Galicia, resto do Estado español e Europa.

-Convocatoria de outubro de 2009, especial e única para América.

-Convocatoria de novembro de 2009, para Galicia, resto do Estado español e Europa.

### 2. Destinatarios.

As persoas maiores de 16 anos ou que os cumpran antes de finais do ano 2009, nacionais ou estranxeiras. Coa solicitude deberán presentar copia do DNI, pasaporte ou documento de identidade vixente.

### 3. Prazo de inscrición.

Para a convocatoria de maio de 2009: ata o día 25 de marzo de 2009 (inclusive).

Para a convocatoria de outubro de 2009 (só para América): ata o 30 de xuño do 2009 (inclusive).

Para a convocatoria de novembro de 2009: ata o día 12 de outubro de 2009 (inclusive).

### 4. Datas de realización das probas.

Convocatoria de maio:

Celga 4: 23 de maio de 2009.

Celga 2: 24 de maio de 2009.

Celga 3: 30 de maio de 2009.

Celga 1: 31 de maio de 2009.

Convocatoria de outubro (só para América):

Celga 4: 7 de outubro de 2009, pola mañá.

Celga 2: 7 de outubro de 2009, pola tarde.

Celga 3: 8 de outubro de 2009, pola mañá.

Celga 1: 8 de outubro de 2009, pola tarde.

Convocatoria de novembro:

Celga 4: 21 de novembro de 2009.

Celga 2: 22 de novembro de 2009.

Celga 3: 28 de novembro de 2009.

Celga 1: 29 de novembro de 2009.

Se o número de aspirantes non permitise rematar as probas orais no día sinalado nesta resolución, a comisión de avaliación continuará con elas no día seguinte.

### 5. Lugares onde se van realizar as probas.

En Galicia, as probas realizaranse nas seguintes localidades: A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense e Vigo. As persoas interesadas deberán sinalar na solicitude de inscrición a localidade na que se van presentar.

Fóra de Galicia, realizaranse nas localidades en cuxas universidades haxa centros de estudos de galego ou outras entidades coas que exista convenio para actuar como centros examinadores.

No Estado español: Barcelona, Bilbao, Cáceres, Granada, Madrid, Salamanca, Vitoria e Alacante.

En Europa: Berlín, Heidelberg, Kiel, Trier e Tubinga (Alemaña), Helsinki (Finlandia), París (Francia), Budapest (Hungría), Cork (Irlanda),

Padua, Perugia e Roma (Italia), Varsovia e Cracovia (Polonia), Braga, Faro e Lisboa (Portugal), Bangor, Birmingham, Londres, Oxford e Stirling (Reino Unido), San Petersburgo (Rusia), Zadar (Croacia).

En América: Bos Aires (Arxentina), Río de Xaneiro, Salvador de Baía, San Paulo e Niteroi (Brasil), A Habana (Cuba), Santiago de Chile (Chile), Nova York (EE UU), Montevideo (Uruguai).

Os lugares concretos en que se realizarán as probas indicaranse cando se fagan públicas as listas de admitidos e admitidas para cada convocatoria.

#### 6. Contía das taxas de exame.

Segundo o previsto na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, o importe da taxa para inscribirse nas probas Celga será de 15,61 euros. Para os residentes e para as probas que se realicen en países de América, agás Canadá e USA, o importe será de 5,61 euros.

#### 7. Sistema de liquidación das taxas de exame.

As persoas solicitantes presentarán, xunto coa solicitude, o xustificante do pagamento da taxa correspondente aos dereitos de exame.

7.1. Por imperativo legal, de conformidade co disposto na vixente Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, deberase aboar previamente, en concepto de dereitos de exame, o importe vixente no momento da publicación desta convocatoria e, de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes, para o que se utilizará o impreso de autoliquidación.

Este impreso facilitaráselles ás persoas interesadas en calquera rexistro ou oficina de atención ao cidadán da Xunta de Galicia. Os datos para cubrir o impreso son os seguintes:

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Código: 04.

Delegación de Servizos Centrais. Código: 13.

Servizo de Secretaría Xeral de Política Lingüística. Código: 10.

Denominación: Inscripción nas probas Celga, homologadas para a acreditación do nivel de competencia en lingua galega e mais certificación do nivel correspondente, de ser o caso, cando se superan as probas. Código: 30 44 00.

Poderase facer efectivo, así mesmo, o pagamento da taxa por internet nas entidades financeiras

actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á Oficina Tributaria, a través da Oficina Virtual na páxina web da Consellería de Economía e Facenda ([www.economiaefacenda.org](http://www.economiaefacenda.org)) e premer a ligazón Taxas, prezos, multas e sancións, no menú da marxe esquerda. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente, imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa, que será o que se achegue xunto coa instancia. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación, en tempo e forma, da solicitude.

7.2. O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo da solicitude correspondente, ás persoas aspirantes que figuren na lista de excluídos/as.

7.3. A non presentación do xustificante de pagamento, no que figurará o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa solicitante. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

#### 8. Inscripción para a realización das probas.

Poderase realizar mediante a presentación da solicitude que figura no anexo I desta convocatoria. Enviaranse á Secretaría Xeral de Política Lingüística (no sucesivo SXPL) se pretende presentarse ás probas en Santiago de Compostela ou aos gabinetes provinciais de Política Lingüística das provincias nas que pretenda realizar as probas. Pódense presentar directamente no Rexistro Central da Xunta de Galicia, nos das súas delegacións provinciais ou territoriais ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Para os solicitantes de fóra de Galicia, admitirase a presentación nos centros de estudos das universidades nas que se pretenda presentar a exame, e enviarase copia ao enderezo de correo seguinte: [sxpl.formacion@xunta.es](mailto:sxpl.formacion@xunta.es).

Na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega) figura un formulario que permite cubrir e editar a solicitude. Tamén figura unha ligazón para efectuar o pagamento telemático da taxa.

No caso de que a persoa aspirante padeza algunha discapacidade, expresará na solicitude o tipo desta e o apoio que precisará para a realización das probas.

#### 9. Publicación da lista provisional de admitidos/as.

A lista provisional de admitidos/as para cada un dos niveis e localidades publicarase na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega), 30 días naturais antes da data de realización das probas.

#### 10. Publicación da lista definitiva de admitidos/as

A lista definitiva de admitidos/as para cada un dos niveis e localidades publicarase na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega), 15 días naturais antes da realización de cada unha das probas.

#### 11. Publicación dos resultados das probas.

Os resultados das probas publicarase na web [www.xunta.es/linguagalega](http://www.xunta.es/linguagalega), no prazo de 2 meses desde a realización dos exames. Este prazo podería ser de 3 meses no caso das probas realizadas fóra de Galicia.

#### 12. Procedementos de reclamación ou de revisión das probas.

12.1. No momento da realización das probas, os aspirantes poderán solicitar a aclaración das dúbidas que lles poidan xurdir en relación co exame e, de ser o caso, presentar ante o presidente da comisión sectorial a reclamación que consideren oportuna. No prazo de 3 días, a comisión sectorial que recibiu a reclamación enviará á Comisión Central de Avaliación (CCA), xunto cun informe sobre o seu contido. A CCA resolverá o que considere oportuno e comunicarállelo á persoa interesada, ao enderezo e polo medio que designase para os efectos de notificacións, e á comisión sectorial correspondente.

12.2. Logo da publicación dos resultados, as persoas interesadas, mediante escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou ao enderezo de correo [sxpl.formacion@xunta.es](mailto:sxpl.formacion@xunta.es), poderán solicitar a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación, que adoptará a resolución definitiva e lles comunicará ás persoas interesadas os criterios que determinaron a cualificación obtida.

#### 13. Desenvolvemento das probas.

As persoas interesadas presentaranse 15 minutos antes da hora de entrada, no lugar e data para a realización das probas, provistos de DNI, pasaporte ou documento que acredite a súa personalidade e bolígrafo. Non se admitirá ningún tipo de material de apoio.

13.1. Probas para o Celga 1: a proba escrita terá una duración de 2,00 horas. Ao remate desta, publicaranse os chamamentos para a proba oral, nos que se indicará día e hora aproximada para a súa realización. Esta proba terá unha duración máxima de 10 minutos e será realizada por 2 técnicos avaliadores.

13.2. Probas para o Celga 2: a proba escrita terá una duración de 2,00 horas. Ao remate desta, publicaranse os chamamentos para a proba oral, nos que

se indicará día e hora aproximada para a súa realización. Esta proba terá unha duración máxima de 10 minutos e será realizada por 2 técnicos avaliadores.

13.3. Probas para o Celga 3: a proba escrita terá una duración de 2,30 horas. Ao remate desta, publicaranse os chamamentos para a proba oral, nos que se indicará día e hora aproximada para a súa realización. Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos e será realizada por 2 técnicos avaliadores.

13.4. Probas para o Celga 4: a proba escrita terá una duración de 3,00 horas. Ao remate desta, publicaranse os chamamentos para a proba oral, nos que se indicará día e hora aproximada para a súa realización. Esta proba terá unha duración máxima de 15 minutos e será realizada por 2 técnicos avaliadores.

As probas orais poderán ser gravadas. No ano 2009, os chamamentos para as probas orais realizaranse por orde alfabética inversa de apelidos (do Z ao A).

13.5. As probas realizadas fóra de Galicia poderán realizarse coa presenza dun só técnico avaliador. No caso da proba oral, procederase á súa gravación para ser avaliada e cualificada posteriormente pola Comisión Central de Avaliación.

#### 14. Expedición e rexistro dos certificados.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística expedirá os certificados ás persoas que superen as probas. Os certificados constarán nun rexistro oficial no que figurarán o nome e apelidos, número de DNI ou pasaporte, lugar, data e resultados das probas e identificación alfanumérica dos certificados. A solicitude para participar nas probas comporta a autorización para o tratamento telemático dos citados datos para este fin.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, pódese interpor potestativamente recurso de reposición perante a secretaria xeral de Política Lingüística no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria, conforme aos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2008.

María Sol López Martínez  
Secretaria xeral de Política Lingüística



**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral de Política Lingüística

PROCEDIMENTO <b>PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA: NIVEIS CELGA 1, 2, 3 e 4 (ANO 2009)</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>PR114A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**SOLICITUDE**

NOME	APELLIDOS		DNI/PASAPORTE
ENDEREZO	PROVINCIA		
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO

**PROBAS ÁS QUE SOLICITA PRESENTARSE**

- Convocatoria maio de 2009
- Convocatoria outubro de 2009 (só en países de América)
- Convocatoria novembro de 2009

TIPO	A CORUÑA	SANTIAGO	LUGO	OURENSE	VIGO	LOCALIDADE (indicar, cando sexa fóra de Galicia)
CELGA 4	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CELGA 3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CELGA 2	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
CELGA 1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

**DOCUMENTACIÓN QUE TEÑEN QUE PRESENTAR**

<input type="checkbox"/> Solicitud. <input type="checkbox"/> Fotocopia DNI, pasaporte ou documento de acreditación persoal. <input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame. <input type="checkbox"/> Se padece algún tipo de discapacidade, debe indicar o apoio que precisa para a realización das probas: <div style="border: 1px solid black; height: 15px; width: 100%; margin-top: 5px;"></div>
--

**PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

**PRAZO:** convocatoria de maio: ata o 25 de marzo de 2009 (inclusive); convocatoria de outubro: ata o 30 de xuño de 2009 (inclusive); convocatoria de novembro: ata o 12 de outubro de 2008 (inclusive).  
**LUGAR:** nos gabinetes provinciais da Secretaría Xeral de Política Lingüística, se se vai presentar a exame na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo e, na sede central da SXPL, se se vai presentar en Santiago de Compostela. Se se presenta fóra de Galicia, nos centros de estudos de galego das universidades correspondentes e na Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires.  
 \* De presentala en rexistro, rógase que avance a solicitude ao fax 981 544 424 ou ao enderezo electrónico: [sxpl.formacion@xunta.es](mailto:sxpl.formacion@xunta.es).

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro que ten como única finalidade a xestión deste procedemento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei poderá exercelos perante este organismo (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE - Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007. - Resolución do 30 de decembro de 2008, da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2009.	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINTURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  Lugar e data  _____ de _____ de 2009		

**NOTA:** as persoas que se presenten ás probas deberán concorrer provistas de DNI/pasaporte/carné e bolígrafo.

GABINETE TERRITORIAL DE NORMALIZACIÓN DE \_\_\_\_\_  
 SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA